



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PRAZA CONSTITUCION, 1  
TFNOS. 986570165 / 986570030  
FAX 986570836

ALCALDIA

### ANUNCIO

No B.O.P nº 135 de data 16 de xullo do 2015, publicarón as Bases que rexen a convocatoria en concorrencia competitiva para a concesión de subvencións a agrupacións e clubs deportivos sen ánimo de lucro e deportistas federados do Concello da Estrada para tempada 2014 / 2015. O prazo de presentación de solicitudes son de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación no B.O.P, devendo ir acompañadas da seguinte documentación.

#### - Entidades

- Modelo de solicitude (anexo I) debidamente cumprimentado e asinado polo/a representante do club, sendo obrigatorio cubrir todos os apartados.
- Copia cotexada do CIF
- Certificación da Federación Galega ou nacional correspondente na que se especifique
- A participación do equipo en competición na tempada 2014 / 2015.
- O número de equipos participantes por categoría do equipo, nivel da competición e sexo.
- O número de licenzas por categorías e sexo que participan en competición na tempada 2014 / 2015.
- A participación do equipo senior en competición de ámbito nacional na tempada 2014/2015, con denominación da competencia e grao de nivel nacional.
- Excepcionalmente, aqueles entidades ou clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán de presentar o certificado da federación, correspondente ó ano 2015.

#### - Deportistas a título individual

- Copia cotexada da licenza federativa en vigor.
- Copia cotexada do DNI.
- Certificado federativo onde se faga constar a participación de deportistas na diferentes competicións, campionatos ou eventos na Tempada 2014/2015.

#### - Documentos comúns a todas as solicitudes

- Certificados bancarios da conta onde efectuarán os pagamentos.
- Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.
- Declaración de axudas e/ ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a contía das mesmas (**Anexo II**).
- Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 (**Anexo II**)

A Estrada, 16 de xullo de 2015  
A Alcaldesa en funcións ( P D 799 /2015 )

Amalia Goldar Cora



ALCALDIA

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PRAZA CONSTITUCION, 1  
TFNOS. 986570165 / 986570030  
FAX 986570836